

REGRESO A REIMS

Jean-Gabriel Périot, 2021

943

ESTREA EN NUMAX: 11.06.2022 | V.O.S.G. | +12 | 80 min

Adaptación libre da novela homónima de Didier Eribon, Regreso a Reims relata a través de material de arquivo unha historia íntima e política da clase traballadora francesa desde comezos dos anos 50 ata a actualidade.

Filme especialmente recomendado para o fomento da igualdade de xénero.

«Un brillante ensaio político, a partir dunha moi persoal e libre adaptación (...) un filme intelixente, revelador, elocuente, valioso e combativo»

Jara Yáñez, CAIMÁN CUADERNOS DE CINE



Entrevista con Jean-Gabriel Périot: «O meu filme trada de maneira indirecta unha historia da televisión e o cinema»

Como naceu a idea de adaptar *Regreso a Reims* de Didier Eribon, unha historia íntima e política do mundo obreiro? Lin o libro cando se publicou, en 2009. Dez anos máis tarde, a produtora Marie-Ange Luciani chamoume e propúxome unha adaptación. Normalmente non acepto encargos. Porén, relendo o texto vin como se despregaban posibilidades. Eu non veño dunha familia obreira senón máis ben de traballadores pobres. Un dos meus avós era repartidor de leite, a miña avoa ocupábase de sete fillos. A miña outra avoa era camareira. Ao contrario que Didier Eribon, non medrei na cultura da clase obreira. Pero, a pesar desa diferenza, o texto tocoume, recoñecinme bastante nel.

Pode ser que un sentido da reparación guíase o seu desexo de adaptar este texto? *Regreso a Reims* permitíame en certo xeito falar da miña propia historia familiar. A miña irmá e máis eu fomos os primeiros en facer estudos superiores. Son, como Marie-Ange e Didier, o que se chama un tráfuga de clase. Aceptei adaptar este texto porque sinto próximas as cuestións políticas que formula e porque me permitía traer ao presente imaxes e representacións do mundo do traballo e da condición obreira. Buscar arquivos de testemuños de traballadores e traballadoras que asumen a responsabilidade de contarse a si propios, darlles unha forma e mostralos é a miña maneira de dar un rostro e tamén, indirectamente, aos meus familiares, excluídos da historia e da representación.

No seu libro, Didier Eribon evoca a súa homosexualidade, a homofobia do mundo obreiro e de seu pai. Por que elixiu non abordar ese tema no filme? *Regreso a Reims* é un texto calidoscópico con moitas temáticas e personaxes. Adaptándoo integramente temía tratalo todo superficialmente. Así que elixín concentrarme nos pais do autor para construír un relato máis preciso. A historia da nai de Didier Eribon emocionoume especialmente. Era unha muller intelixente pero que sufriu toda a súa vida. As violencias que soportou, en tanto que muller, desbordan o simple marco da loita de clases. Prescindindo do personaxe de Didier Eribon eliminaba automaticamente as cuestións ligadas ao tráfuga de clase e á homosexualidade pero tamén tiña máis espazo para desenvolver a cuestión do lugar das mulleres na historia obreira. Como veño dunha familia de mulleres iso interesábame especialmente.

Encontrouse con dificultades para acceder aos arquivos cos que traballa o filme? Algunhas, hai oficios, por exemplo, que nunca son representados. É posible encontrar imaxes da aristocracia obreira, os da fábrica ou os mineiros. Pero as mulleres da limpeza, pola súa parte, apenas son mostradas na televisión ou no cinema. Se acaso como criadas de comedia. Desde o xurdimento do Frente Nacional ademais hai moi poucas representacións dos seus electores e electoras e do racismo. A primeira parte do filme contra a historia da clase obreira. A segunda conta a súa desaparición e o seu paso ao seo do Frente Nacional. Cando máis avanza o filme no tempo máis parece diferir a natureza dos arquivos empregados. O primeiro motivo é técnico, ligado á historia da televisión. Na primeira parte emprego sobre todo reportaxes televisivos que van desde os anos 50 aos 70. Despois dos 70 a televisión pasa ao vídeo, cuxos defectos quedan acentuados pola mal conservación. O segundo motivo está ligado á calidade do traballo xornalístico de antes dos 80, que era de documental de creación, un cinema observacional a veces de fermosa factura. Nos 80 a televisión estandarízase e convértese no que é hoxe en día. Esa é a década na que os obreiros desaparecen do cinema. O meu filme trada de maneira indirecta unha historia da televisión e o cinema.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Regreso a Reims,
Didier Eribon.
Libros del Zorzal, 2017